

	CONFRARÍA DE PESCADORES MUROS C.I.F.:G-15.038.508	Rúa Porta da Vila, nº 16 -2º 15250MUROS(ACORUÑA) E-mail: cofradia@cofradiamuros.org Ofi cinas: Tel:981.82.61.43 – 981.76.23.93 Fax:981.82.63.19 Lonxa: Telefax:981.82.61.98
--	--	--

DIVULGACIÓN “PROXECTO COLECTIVO DE XESTIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS”.

Ao abeiro da *ORDE do 9 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (código de procedemento PE209P)*, a Confraría de Muros presentou o proxecto denominado **“PROXECTO COLECTIVO DE XESTIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS”.**

O proxecto foi aprobado a través da resolución **PE209P-2025/00038** e tenunha vixencia que abrangue dende o **1 de xullo de 2025 ata o 30 de xuño de 2026**.

Este proxecto foi concedido por un importe de **118.399,47 €** cofinanciado nun 70% con fondos FEMPA e nun 30% pola Comunidade Autónoma de Galicia, para a contratación dunha asistencia técnica e de catro gardapescas marítimos, así como para licenza do programa Xesmar e adquisición dun calibre con bluetooth .

Xornada informativa de divulgación do proxecto Procedemento PE209P

CONVOCATORIA: ANO 2025
ENTIDADE/ENTIDADES BENEFICIARIAS: CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUROS
EXPEDIENTE: PE209P-2025/00038
NOMEDO PROXECTO: PROXECTO COLECTIVO DE XESTIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS
PERSOA RESPONSABLE DA XORNADA: MARIA BAÚLO SANTOS
DATA DA CELEBRACIÓN DA XORNADA DE DIVULGACIÓN: 29 de maio de 2025
RESPONSABLE LEGAL: MANUEL DANIEL FORMOSO MOLEDO
CARGO: PATRÓN MAIOR



CONFRARÍA DE PESCADORES
MUROS
C.I.F.:G-15.038.508

Rúa Porta da Vila, nº 16 -2º
15250MUROS(ACORUÑA)
E-
mail:cofradia@cofrdiamuros.orgOfi
cinas: Tel:981.82.61.43 – 981.76.23.93
Fax:981.82.63.19
Lonxa: Telefax:981.82.61.98



	CONFRARÍA DE PESCADORES MUROS C.I.F.:G-15.038.508	Rúa Porta da Vila, nº 16 -2º 15250MUROS(ACORUÑA) E- mail:cofradia@cofradiamuros.orgOfi cinas: Tel:981.82.61.43 – 981.76.23.93 Fax:981.82.63.19 Lonxa: Telefax:981.82.61.98
--	--	---

Os principais obxectivos deste proxecto son: o fomento de unha mellor co-xestión dos recursos e hábitats costeiros de importancia para a produción e reprodución dos organismos mariños dun xeito responsable, equilibrado e sustentable, a recuperación na medida do posible das zonas de produción e polo tanto de todo o entorno mariño, a mellora da calidade de vida dos mariscadores e mariscadoras e un maior coñecemento e concienciación ambiental do entorno no que traballan. Seguimento do estado do ambiental do ecosistema mariño a través das especies conspicuas e das alóctonas.

Como obxectivos específicos do proxecto:

- Asesoramento técnico á xestión; vixilancia e control do acceso aos recursos mariños.
- Mellora das condicións ambientais dos hábitats costeiros.
- Concienciación do sector da importancia de realizar o seu traballo de maneira sustentable.
- Concienciación do sector da importancia de protexer e potenciar os hábitats costeiros.
- Diversificación dos recursos a extraer, atendendo a épocas de maior demanda.
- Recompilación de datos tanto de captura como da situación dos bancos e dos stocks de cada unha das especies comerciais.
- Recompilación de datos de especies non comerciais conspicuas e alóctonas en aplicación dos descritores definidos pola directiva marco para describir o bo estado medio ambiental das zonas.
- Formación de socios.
- Mellora na comercialización.
- Loita contra a contaminación.

ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ASISTENCIA TÉCNICA 2025-2026

- Mostraxe dos bancos marisqueiros da área da entidade, cunha periodicidade como mínimo semestral, de acordo coa importancia do banco, nivel de datos disponibles, etc., salvo outra periodicidade requirida pola Administración.
- Mostraxes menos formais e máis frecuentes en bancos marisqueiros, atendendo principalmente á proporción de individuos de talla legal na poboación e ao tamaño medio dos exemplares.
- Mostraxes puntuais no caso de episodios de mortalidade nos bancos marisqueiros.
- Tratamento das mostras obtidas, densidades por especie e estación de mostraxe, a partir de esta obtemos a densidade media do banco (intervalo de confianza o 95%). Talla de cada un dos individuos recollidos durante as mostraxes, histogramas de tallas, relación

	CONFRARÍA DE PESCADORES MUROS C.I.F.:G-15.038.508	Rúa Porta da Vila, nº 16 -2º 15250MUROS(ACORUÑA) E-mail:cofradia@cofradiamuros.orgOfi cinas: Tel:981.82.61.43 – 981.76.23.93 Fax:981.82.63.19 Lonxa: Telefax:981.82.61.98
--	--	--

talla-peso. Obtención do máximo rendemento en kg por especie e banco. (Ferramenta informática AROUSA).

- Cálculo do índice de condición do ourizo de mar, nos meses que extraen para a venda.
- Remisión de informes das mostraxes aos servizos técnicos do departamento territorial correspondente da Consellería do Mar (un mínimo de dous informes anuais cada 6 meses). Subida dos datos a ftp do INTECMAR.
- Asesoramento á entidade para a explotación racional do recurso.
- Reunións cos diferentes sectores para informar do estado do recurso, aconsellar períodos de aperturas, posibles peches de zonas, acordar topes.....,
- Información e formación dos mariscadores e mariscadoras no coñecemento do medio no que traballan e respecto ambiental.
- Elaboración, xestión técnica e seguimento dos plans de explotación da entidade.
- Obtención da CPUE diaria de cada especie, a partir dos datos diarios do número de mariscadores e da captura total de cada especie-recurso para ter unha estimación indirecta do estado dos bancos.
- Remisión mensual dos cadros de captura (CPUE) ao departamento territorial para as aperturas mensuais. Subida dos datos a ftp do INTECMAR.
- Toma de tallas dos exemplares capturados nos puntos de control e lonxa.
- Recollida e envío de mostras de bivalvos solicitados por o Intecmar.
- De ser necesario se poderán coordinar outros proxectos Femp.

ACTIVIDADES REALIZADAS POLO SERVIZO DE VIXILANCIA 2025-2026

- Presenza nos puntos de control. Control de horarios e capturas dos plans de explotación en Autorizacións, recursos específicos e plans de explotación en Libre marisqueo.
- Vixilancia dos bancos marisqueiros do ámbito territorial da Confraría ,tanto a nivel de furtivismo como de posibles vertidos contaminantes.
- Participación no plan de “nasas de polbo”, punto de control de capturas.
- Formulación de denuncias por infraccións, tramitadas a través da Consellería do Mar.
- Control das mariscadoras que se dedican a mexilla así baixo estrito cumprimento dos convenios asinados cos bateeiros.
- Axuda a asistencia técnica na recollida de mostras.